



BANDO

ALBERTO GARCÍA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CATOIRA
(PONTEVEDRA)

INFORMA que se convocan as bases para participar no:

ENTROIDO 2023

➤ **COMPARSAS:**

- **REQUISITOS:** As comparsas deberán estar integradas por un mínimo de 15 persoas, representadas por unha persoa maior de idade. Deberán representar a idea central do seu disfraz na Festa de Disfraces que terá lugar no Pavillón Municipal de Deportes despois do desfile polas rúas do municipio o domingo 19 de febreiro.
- **INCENTIVO:** Establécese un incentivo de 200 euros para as dez primeiras comparsas que se inscriban e participen no desfile. O Concello resérvase o dereito a non outorgar o incentivo a aquelas comparsas que non reúnan un mínimo de calidade.
- **INSCRICIÓN:** O formulario de inscrición deberá presentarse no Rexistro do Concello, presencialmente ou a través da sede electrónica, dende o 23 de xaneiro ao 15 de febreiro de 2023, ambos incluídos. O documento poderá descargarse da sede electrónica (sección Anuncios) e presentalo a través dunha instancia xenérica.

- **DESFILE DE DISFRACES INFANTIL:** Haberá obsequios para os rapaces/zas que acudan disfrazados/as e participen no desfile que se celebrará no Pavillón Municipal de Deportes (ata fin de existencias).

- **CONVOCATORIA:** Tódolos/as participantes deberán concentrarse na Alameda do Concello ás 17:30 horas do domingo 19 de febreiro. O desfile de comparsas e disfraces partirá deste punto e irá pola Rúa da Estación e Paseo das Lombas ata rematar no Pavillón Municipal de Deportes. En caso de chuvia o desfile comezará no Pavillón ás 18:00 horas.

Catoira, 13 de xaneiro de 2023

O ALCALDE-PRESIDENTE

